

# A segunda hora da tarde

por **Xosé Carlos Mosteiro**

—¡SILENCIO!

Era a segunda hora da tarde. Sociais. Dona Leonor.

Dous nomes inseparables. Dous nomes insoportablemente unidos.

Sabíase que tocaba Sociais porque, de súpeto, cando todos recollían, para gardalos, os libros da clase anterior que xa remataba, todos os oídos quedaban feridos por un estrépito agudo e antipático, un berro ensordecedor, impresionante, molesto. Un berro número un no ránking mundial de ruídos que traspasan tímpanos. Como a serea que avisa, nun refuxio, do bombardeo inminente.

—¡Silencio! ¡Quero ver a todo o mundo sentado!

Sempre había alguén tentado de facerse o gracioso.

—Todo o mundo non pode ser, profe, que aquí na clase só estamos vintecatro e no mundo xa lle van polos seis millóns de almas.

Estala un boureo de gargalladas nerviosas, contidas, que enchen de humillación as meixelas da vella mestra, encendidas pola indignación.

—¡Hadrián, veña aquí agora mesmo!

Ó *Hadri*, como lle chamaban todos, encantáballes ser o pesadelo de dona Leonor. A cousa remata cun *negativo e nota para a casa...* e dobre ración de deberes, por suposto.

Logo a tortura diaria...

—... Ó longo de mil douscentos anos, Roma logrou conquistar extensos territorios, non só coas súas armas, senón tamén, e sobre todo, coa súa cultura. Os pobos conquistados, tras unha inicial resistencia, adoptaban as formas de goberno, a lingua e a cultura romanas...

¡Boh!, que lle importaba ó Hadri os romanos. Non atende. Dobra unha nota e pásalla a Helena: «Lea e pásalla a An-

drés»... «Á saída, no patio, antes de subir ó autobús».

Hadrián recibe os bisbiseos da clase e repárteos de novo pola aula. El é o centro de distribución: «Temos que facer unha assemblea».

E dende os últimos bancos... «¿E que é unha assemblea?». Xermán, que non se entera de nada.

Dona Leonor, por increíble que pareza non se decata. Ela segue cos romanos. «Unha assemblea é unha reunión, ¡pareces imbécil!» «¿Que pasa logo?» «Eu que sei, preguntallo a Hadri que é quen está pasando o aviso.»

E dona Leonor...

—... Esta conquista cultural de Roma durou moito máis que o propio Imperio Romano. O Imperio desapareceu fai mil cincocentos anos, pero inda hoxe están en pleno apoxeo linguas que proceden do latín, leis inspiradas no dereito romano, e formas de organización política que xa os romanos puxeron en práctica...

Hadrián comproba que ten a todo o mundo avisado. Botando unha visual a toda a aula recibe das catro esquinas a confirmación de que todos están enterados. Despois mira a dona Leonor; unha de dúas, ou é xorda ou fai que non oe.

—... A época dos reis, que durou uns douscentos cincuenta anos; logo a época da república que durou uns cincocentos anos. Neste período Roma impuxo a súa hexemonía en toda Italia e conquistou todos os países ribeiráns do Mediterráneo. Por último temos a época do Imperio, que durou tamén uns cincocentos anos. O Imperio rematou coa caída de Roma en poder dos xermánicos no 476 da nosa era.

Dona Leonor fixo unha pausa longa. Por riba das gafas botou unha mirada xeral á rapazada. O aire tenso da aula

cheiraba a problemas, xa o creo que cheiraba.

—Imos ver —toseu veleno a mestra—, xa sei..., ehemmm, ehemmm..., xa sei que están a seguir a miña exposición co interés lóxico que require un tema tan interesante como o que nos ocupa...

Toda a clase percibe con claridade a retranca de dona Leonor. Hadrián empeza a temblar ó ver a mirada da mestra fixa nel.

—Sin embargo, creo que nalgún momento da miña intervención escoitei, me parece, como un murmurio na aula. Quizais non fun amena de abondo. ¿Qué opinan vostedes?... Ehemmm..., ehemmm..., ¡ai!, que tos máis parva, téñoa aquí atravesada na gorxa dunha forma... Boeno, en fin, ehemmm, ehemmm, asáltame unha dúbida, unha dúbida que quixera resolver canto antes.

Dona Leonor fala con moito aquel. Con esa finura rebuscada coa que se drixía á aula sempre que estaba cabreada, deixando caer as palabras, estirándooas como si foran de goma, acompañandoas sempre co mirar fuciñado que xeaba o aire.

—Imos ver... Hadrián.

«¡Merda, xa o sabía eu!, vintecatro que somos na aula e vaime tocar a min.»

Dona Leonor vai pronunciando inexorablemente as palabras. De vagar. Disfrutando do sabor gorentoso da vinganza.

—Dígame, ¿de que estaba a falar?, ¿sábeo?

—Si... sssi, se... señora

Mentira. Non o sabía. Pero decidiu que así gañaba algún tempo, á espera de que algún compañeiro llo apuntara polo baixo.

A mestra apremia.

—Pois a que espera para dicirmo.





GONZALO IZQUIERDO.

Hadrián non sabe onde meterse. As súas mans buscan os petos dos pantalóns sen atopalos. Decátase de súpeto que ten unhas enormes ganas de mexar. Apreta unha perna contra a outra. Pensa na campana. A campana salvadora. Imposible. Inda quedan sete minutos para as cinco e media. Estrulla unha contra a outra as súas mans. Estalan os dedos. As palmas súan frío.

Por fin a salvación. A axuda venlle dun dos bancos da ultima fila.

—¡OS ROMANOS!

Unha sensación gratificante de alivio recórreo todo enteiro.

Recobrada a seguridade dispónse a cubrirse de gloria.

—¡AS RAMONAS!

Polo boureo das risadas dos compañeiros comprende que colleu mal o apunte-salvador-solidario que lle transmitiron dende o fondo da aula. Comprende que unha vez máis meteu a pata. Que unha vez máis levará dobre ración de deberes para a casa. Que nunha semana chegará outra carta certificada —unha máis— desas que sempre din o mesmo: «Pola presente rogámoslle teña a ben pasarse polo colexio o antes posible, para falar coa titora de asuntos relacionados coa actitude do seu fillo Hadrián Vázquez Ferreiro».

Hadrián dase conta entón de que odia a dona Leonor. No tempo que resta libre a súa xenreira. Debuxa á mestra esaxerando con ganas o longo do seu nariz;

agrandando ata o monstruoso o tamaño da súa cabeza; multiplicando por tres a cantidade de pelos que botaron raíces no xigantesco lunar da meixela esquerda.

A saída o debuxo pasará de man en man, e o barullo que se organiza no autobús é dos que fan época. Ernesto, o chofer, ten que mirar polo espello retrovisor. O barullo é tan grande que está a piques de parar. O papel rematará por chegar onda el. Ten que levar as mans á boca para desfacer o sorriso que xa lle asomaba.

—¡Demo de rapaces!

(Este cuento obtivo el Premio «O Facho» de cuentos para niños, en 1994.)



## A segunda hora de la tarde

por **Xosé Carlos Mosteiro**

—¡SILENCIO!

Era la segunda hora de la tarde. Sociales. Doña Leonor.

Dos nombres inseparables. Dos nombres insoportablemente unidos. Se sabía que tocaba Sociales porque, de repente, cuando todos recogían, para guardarlos, los libros de la clase anterior que ya terminaba, todos los oídos quedaban heridos por un estrépito agudo y antipático, un grito ensordecedor, impresionante, molesto. Un grito número uno en el ránking mundial de ruidos que traspasan tímpanos. Como la sirena que avisa, en un refugio, del bombardeo inminente.

—¡Silencio!... ¡Quiero ver a todo el mundo sentado!

Siempre había alguien tentado de hacerse el gracioso.

—Todo el mundo no puede ser, profe, que aquí en clase sólo somos veinticuatro, y en el mundo ya son más de seis millones.

Estalla un estrépito de carcajadas nerviosas, contenidas, que llenan de humillación las mejillas de la vieja maestra, encendidas por la indignación.

—¡Adrián, venga aquí ahora mismo!

A *Adri*, como le llamaban todos, le encantaba ser la pesadilla de doña Leonor. La cosa acabó con *negativo y nota para casa...*, y doble ración de deberes, por supuesto.

Luego la tortura diaria...

—... A lo largo de mil doscientos años, Roma logró conquistar extensos territorios, no sólo con sus armas, sino también, y sobre todo, con su cultura. Los pueblos conquistados, tras una inicial resistencia, adoptaban las formas de gobierno, la lengua y la cultura romanas...

¡Bah!, poco le importaban a *Adri* los romanos. No atiende. Dobra una nota y se la pasa a Elena: «Lee y pásasela a Andrés»... «A la salida, nos vemos en el patio, antes de subir al autobús.»

Adrián recibe los bisbiseos de la clase y los reparte de nuevo por el aula. Él es el centro de distribución: «Tenemos que hacer una asamblea».

Y desde los últimos bancos...

«¿Qué es una asamblea?» Germán, que no se enteraba de nada.

Doña Leonor, por increíble que parezca, no se da cuenta de nada. Ella sigue con los romanos. «Una asamblea es una reunión, ¡pareces imbécil!» «¿Qué pasa entonces?» «Y yo qué sé, pregúntaselo a *Adri* que es quien está pasando el aviso.»

Y doña Leonor...

—... Esta conquista cultural de Roma duró mucho más que el propio Imperio Romano. El Imperio desapareció hace mil quinientos años, pero aún hoy están en pleno esplendor lenguas que proceden del latín, leyes inspiradas en el derecho romano, y formas de organización política que ya los romanos pusieron en práctica...

Adrián comprueba que tiene a todo el mundo avisado. Echando una ojeada a toda el aula, recibe de las cuatro esquinas la confirmación de que todo el mundo está enterado. Luego mira a doña Leonor; una de dos, o es sorda o finge que no oye.

—... La época de los reyes, que duró unos doscientos cincuenta años; luego la época de la república, que duró unos quinientos años. En este período Roma impuso su hegemonía en toda Italia y conquistó todos los países ribereños del Mediterráneo. Por último tenemos la época del Imperio, que duró también unos quinientos años. El Imperio acabó con la caída de Roma en poder de los germánicos en el 476 de nuestra era.

Doña Leonor hizo una pausa larga. Por encima de las gafas echó una mirada general a toda la clase. El aire tenso del aula olía a problemas, ya lo creo que olía.

—Veamos —tosió veneno la

profesora—, ya sé..., ejemm, ejemm..., ya sé que están siguiendo mi exposición con el interés lógico que requiere un tema tan interesante como el que nos ocupa...

Toda la clase percibe con claridad la sorna de doña Leonor. Adrián empieza a temblar al ver la mirada de la maestra fija en él.

—... Sin embargo, creo que en algún momento de mi intervención he oído, me parece, como un murmullo en el aula. Quizá no he alcanzado el grado de amenidad deseable. ¿Qué opinan ustedes?..., ejem..., ejem..., ¡ay!, qué tos más tonta, la tengo atravesada aquí en la garganta de una forma... Bueno, en fin, ejem, ejem, me asalta una duda, una duda de la que quisiera salir cuanto antes...

Doña Leonor habla con mucha parsimonia. Con esa finura rebuscada con la que se dirigía al aula siempre que estaba cabreada, dejando caer las palabras, estirándolas como si fuesen de goma, acompañándolas siempre con el mirar ceñudo que helaba el aire.

—Vamos a ver..., Adrián...

«¡Mierda, ya lo sabía!, veinticuatro que somos en el aula y me toca a mí.»

Doña Leonor va pronunciando inexorablemente. Despacito. Disfrutando del sabor delicioso de la venganza.

—Dígame, ¿de qué estaba hablando?, ¿lo sabe usted?

—Sí... sssí, se... señora.

Mentira. No lo sabía. Pero decidió que así ganaba algún tiempo, a la espera de que algún compañero lo apuntara por lo bajo.

La maestra apremia.

—Pues, a qué espera para decírmelo.

Adrián no sabe en dónde meterse. Sus manos buscan los bolsillos de los pantalones sin encontrarlos. Se da cuenta de repente que tiene unas enormes ganas de mear. Aprieta una pierna contra otra. Piensa en el timbre. El timbre salvador. Imposible. Aún quedan siete minutos para las cinco y media. Estruja una contra otra sus manos. Estallan los dedos. Las palmas sudan frío.

Por fin la salvación. La ayuda le viene de uno de los bancos de la última fila.

—¡LOS ROMANOS!

Una sensación gratificante de alivio lo recorre todo entero.

Recobrada la seguridad en sí mismo se dispone a cubrirse de gloria:

—¡LAS RAMONAS!

Por la explosión de risas de sus compañeros comprende que cogió mal el apunte-salvador-solidario que le habían transmitido desde el fondo del aula. Comprende que una vez más metió la pata. Que una vez más llevará doble ración de deberes para casa. Que en una semana llegará a casa otra carta certificada —una más— de esas que siempre dicen lo mismo: «Por la presente le rogamos tenga a bien pasarse por el colegio, con la mayor brevedad posible, para hablar con la tutora de asuntos relacionados con la actitud de su hijo Adrián Vázquez Ferreiro».

Adrián se da cuenta entonces de que odia a doña Leonor. En lo que resta de tiempo libera su rabia. Dibuja a la maestra, exagerando con ganas lo largo de su nariz; agrandando hasta lo monstruoso el tamaño de su cabeza; multiplicando por tres la cantidad de pelos que enraizaron en el gigantesco lunar de la mejilla izquierda.

A la salida, el dibujo pasará de mano en mano, y el barullo que se organiza en el autobús es de los que hacen época. Ernesto, el chófer, tiene que mirar por el espejo retrovisor. El ruido es tan grande que está a punto de parar. El papel acabará por llegar hasta él. Tiene que llevar las manos a la boca para deshacer la carcajada que ya le asomaba.

—¡Demonio de niños!